

003283 03.04.2012 11:38

INSTRUCCIÓN 5/2012, DE 2 DE ABRIL, DA SECRETARÍA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO SOBRE MODIFICACIÓN DE MATERIAS BÁSICAS DO SEGUNDO CUATRIMESTRE

A convocatoria de matrícula para o Curso 2011-12 establece no seu apartado 5.4.3.4.3. *Modificación de materias* que “Só poderán modificarse as materias optativas e de libre elección do segundo cuatrimestre, coas limitacións que se establecen nesta convocatoria. Non procederá, en ningún caso, a anulación de matrícula en materias de libre elección nas que foi preciso facer unha asignación de prazas, no primeiro período, por ter unha demanda superior á oferta. Tampouco se poderán anular as materias nas que se fixo a inscrición para a convocatoria de fin de carreira, aínda que non se presentara aos exames”.

Non obstante o anterior, e debido a un defecto informático parte do alumnado tivo a posibilidade de realizar cambios en materias básicas e doutro tipo do segundo cuatrimestre. Ante esta situación e tendo en conta a convocatoria de matrícula o servizo de xestión académica desta universidade comunicou a estes estudantes que debían axustar a matrícula ao establecido na convocatoria do curso 2011-12.

O reaxuste da nova matrícula provocou que moitos alumnos e alumnas se viran nunha complexa situación, xa que asistiran a clases da materia básica e non asistiran as clases da materia inicialmente matriculada, situación esta que nalgún caso podería incidir sobre as cualificacións por asistencia.

Por todo o anterior, a Comisión de coordinación, xestión e oferta reuniuse con data do 27 de marzo, e acordou permitir excepcionalmente que os estudantes afectados podan manter as modificacións das materias básicas neste curso. Por tal motivo se lle enviará una notificación para que podan optar pola matrícula inicial ou pola modificada, solución que deberá concretarse nunha instrución previa da Secretaría Xeral.

Na súa virtude esta Secretaría Xeral dita a seguinte Instrución:


Unica.- Excepcionalmente e para o Curso 2011-12, o alumnado ao que o programa informático permitiulle modificar a matrícula do segundo cuatrimestre en materias básicas, troncais ou anuais, poderá manter.

No caso de que xa recibiran a comunicación notificándolles a obriga de cambio de matrícula para axustala á convocatoria de matrícula,


poderán optar por manter o cambio destas materias ou manter as materias da matrícula inicial.

Por parte das unidades de xestión académica deberá comunicarse a ditos estudantes esta posibilidade, concedéndolles un prazo de cinco días para reaxustar a súa matrícula.

Santiago de Compostela, a 2 de abril de 2012.
02/04/2012



A Secretaria Xeral



Lourdes Noya Ferreiro